CONCELLO DE SANTIAGO

Servizo de Persoal
Sección de Recursos Humanos

Decreto da Concellaría de Economía e Facenda
Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2016

Vista proposta do Concelleiro delegado de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade, para a elaboración de listas de agarda e posterior nomeamento de funcionarios interinos, para a provisión de prazas de arquitecto e arquitecto técnico para o departamento de urbanismo; e visto o informe do Servizo de Persoal, emitido no día da data;

Ao abeiro das competencias que me confire o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, segundo Acordo de delegación da Xunta de Goberno Local, do 17 de xuño de 2015,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria para a elaboración de listas de agarda de arquitecto e arquitecto técnico, de conformidade coas seguintes bases:

BASES PARA A CONFECCIÓN DE LISTA DE AGARDA DE ARQUITECTOS

1. REQUISITOS:

Titulación: Titulación de arquitecto

2. MÉRITOS:

Os de servizos prestados, formación, posesión de titulación superior, coñecemento da lingua galega e condición de demandante de emprego, nos termos e coas condicións que se sinalan no artigo 2 das Normas de xestión de selección de persoal funcionario interino do Concello de Santiago de Compostela (BOP número 22 do 03/02/2010).

3. PRAZO PARA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Os/as aspirantes deberán presentar as súas solicitudes, no prazo de oito (8) días naturais, a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio na prensa local, acompañadas de fotocopia do documento nacional de identidade e da documentación que acredite a titulación e demais requisitos, e os méritos a ter en conta. Publicada no Taboleiro e web municipais a relación provisional de admitidos e excluídos, os interesados disporán dun prazo de 4 días naturais para presentar as reclamacións que estimen oportunas. Rematado dito prazo, publicaranse as listas definitivas e o lugar e data de celebración da proba.

4. CELEBRACIÓN DE PROBA PRÁCTICA:

Con carácter previo á baremación dos méritos aportados polos/as aspirantes, celebrarase unha proba práctica que consistirá na resolución dun suposto práctico, nun tempo máximo de dúas horas, relacionado co temario que se indica no anexo. Valorarase de 0 a 60 puntos, sendo necesario un mínimo de 30 puntos para superala. O/a aspirante poderá concorrer á proba con textos normativos exclusivamente.

A proba práctica será exposta diante do tribunal, que poderá dialogar co/a aspirante sobre aspectos da mesma e sobre asuntos relacionados co posto de traballo a desenvolver e a súa experiencia previa.

Á puntuación total obtida na proba práctica sumarase a correspondente aos méritos aportados, de conformidade co que determina o Regulamento de Selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Santiago publicado no BOP número 222, de 26 de setembro de 1997.

ANEXO: TEMARIO QUE REXERÁ NA PROBA PRÁCTICA:

1. LEI 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
2. Texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana. Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro.
3. Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiago de Compostela 2007/8.
4. Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela 1997.

5. IMPUGNACIÓN.

Contra a presente resolución e cantos actos administrativos se deriven dela poderase interpoñerse recurso potestativo de reposición ante esta Concellaría de Réxime Interior e Reforma Administrativa, nos termos e prazos sinalados na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; ou directamente recurso contencioso-administrativo nos termos e prazos sinalados na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

BASES PARA A CONFECCIÓN DE LISTA DE AGARDA DE ARQUITECTOS TÉCNICOS

1. REQUISITOS:

Titulación: Titulación de arquitecto técnico.

Os propios de aspirantes a probas deste tipo no que se valorará a experiencia acreditada tal e como se recolle no baremo aprobado polo pleno da corporación.

2. MÉRITOS:

Os de servizos prestados, formación, posesión de titulación superior, coñecemento da lingua galega e condición de demandante de emprego, nos termos e coas condicións que se sinalan no artigo 2 das Normas de xestión de selección de persoal funcionario interino do Concello de Santiago de Compostela (BOP número 22 do 03/02/2010).

3. PRAZO PARA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Os/as aspirantes deberán presentar as súas solicitudes, no prazo de oito (8) días naturais, a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio na prensa local, acompañadas de fotocopia do documento nacional de identidade e da documentación que acredite a titulación e demais requisitos, e os méritos a ter en conta. Publicada no Taboleiro e web municipais a relación provisional de admitidos e excluídos, os interesados disporán dun prazo de 4 días naturais para presentar as reclamacións que estimen oportunas. Rematado dito prazo, publicaranse as listas definitivas e o lugar e data de celebración da proba.

4. CELEBRACIÓN DE PROBA PRÁCTICA:

Con carácter previo á baremación dos méritos aportados polos/as aspirantes, celebrarase unha proba práctica que consistirá na resolución dun suposto práctico, nun tempo máximo de dúas horas, relacionado co temario que se indica no anexo. Valorarase de 0 a 60 puntos, sendo necesario un mínimo de 30 puntos para superar a proba. O/a aspirante poderá concorrer á proba con textos normativos exclusivamente.

A proba práctica será exposta diante do tribunal, que poderá dialogar co/a aspirante sobre aspectos da mesma e sobre asuntos relacionados co posto de traballo a desenvolver e a súa experiencia previa.

Á puntuación total obtida na proba práctica sumarase a correspondente aos méritos aportados, de conformidade co que determina o Regulamento de Selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Santiago publicado no BOP número 222, de 26 de setembro de 1997.

ANEXO: TEMARIO QUE REXERÁ NA PRIMEIRA FASE DA PROBA PRÁCTICA:

1. Texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana. Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro.
2. LEI 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
3. Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiago de Compostela 2007/8.
4. Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela 1997.

5. IMPUGNACIÓN.

Contra a presente resolución e cantos actos administrativos se deriven dela poderase interpoñerse recurso potestativo de reposición ante esta Concellaría de Réxime Interior e Reforma Administrativa, nos termos e prazos sinalados na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; ou directamente recurso contencioso-administrativo nos termos e prazos sinalados na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Segundo.- Remiti-las presentes bases ao Taboleiro de Edictos e web municipal; e a convocatoria ademais á prensa local para a súa publicación.

A Concelleira-delegada de economía e facenda

Asdo. María Rozas Pérez